



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Anexos da Programación Xeral Anual

CPI A Xunqueira



Curso 2019/20



Índice

1. PROXECTO LECTOR DO CENTRO	4
1.1 INTRODUCIÓN	4
1.2 PRINCIPIOS XERAIS QUE DEBEN REXER O PLAN DE LECTURA.....	4
1.3 OBXECTIVOS	5
1.4 ORGANIZACIÓN	5
1.5 CONTRIBUCIÓN DOS DEPARTAMENTOS DA ESO AO PLAN LECTOR	7
1.6 AVALIACIÓN.....	17
1.7 RECURSOS.....	17
2. PLAN ANUAL DE LECTURA CURSO 2019-20	18
2.1 OBXECTIVOS	18
2.2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA	19
2.3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.....	20
2.4. RUTINAS DE LECTURA.	20
2.5 RECURSOS.....	20
2.6 ITINERARIOS LECTORES	21
2.7 ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:	22
2.8 LER EN FAMILIA	24
2.9 LECTURAS PROPOSTAS POLAS DIFERENTES ÁREAS/MATERIAS PARA ESTE CURSO	24
2.10 SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	27
3. PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO.....	29
3.1 MEMBROS DO EQUIPO DE FORMACIÓN	29
3.2 LIÑAS DE ACTUACIÓN PROPOSTAS	29
3.3 OBXECTIVOS XERAIS.....	29
3.4 RELACIÓN TOTAL DE PARTICIPANTES NO PLAN.....	30



3.5 ITINERARIOS	30
3.6. CRITERIOS E INDICADORES DE EVALUACIÓN DA APLICACIÓN E IMPACTO	34
3.7. APLICACIÓN NA AULA/NO CENTRO	36
3.8. MEDIDAS ORGANIZATIVAS INTERNAS PREVISTAS SE FOSE NECESARIO.....	36
3.9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN.....	36
3.10. ORZAMENTO ESTIMADO (por curso escolar).....	36
4. PLAN DE CONVIVENCIA	37
4.1 COMISIÓN DE CONVIVENCIA	37
4.2 CONCRECIÓN ANUAL	39
5. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.....	41
5.1 CONCRECIÓN ANUAL PARA O CURSO 19/20.	41
6. CLUB DE LECTURA	42
6.1 INTRODUCCIÓN.	42
6.2 FINALIDADES CLUB DE LECTURA.....	42
6.3 ACTIVIDADES PROGRAMADAS.....	43
6.4 COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES.....	43
6.5 FORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PREVISTOS.....	44
6.6 HORARIO E CALENDARIO DAS REUNIÓN.....	45
6.7 PERSOA COORDINADORA.	45
6.8 MEDIOS PARA A SÚA DIFUSIÓN.	46
7. PROXECTO ERASMUS+ “ROBOT DANCE”	47
7.1 OBXECTIVOS XERAIS.....	47
7.2 PARTICIPANTES	47
7.3 METODOLOXÍA DE TRABAJO.....	48
7.4 TEMPORALIZACIÓN	49
8. PROXECTO ERASMUS+ “DEVELOPING AN ARTIFICIAL INTELLIGENCE CURRICULUM ADAPTED TO EUROPEAN HIGH SCHOOL”	50



8.1	OBXECTIVOS XERAIS	50
8.2	PARTICIPANTES	50
8.3	METODOLOXÍA DE TRABALLO	52
8.4	TEMPORALIZACIÓN	52
9.	PROXECTO PARA RECREOS ACTIVOS “ESPAZO MAKER”	53
9.1	OBXECTIVOS XERAIS	53
9.2	EIXES DE ACTUACIÓN	54
9.3	ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADES PROPOSTAS	54
9.4	ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS.	57
9.5	PROFESORADO PARTICIPANTE	58
10.	CLUB DE CIENCIA	60
10.1	PERSOA COORDINADORA	60
10.2.	PROFESORADO PARTICIPANTE.....	60
10.3.	ALUMNADO PARTICIPANTE	60
10.4	BREVE INFORME SOBRE A EXPERIENCIA DO PROFESORADO E/OU DO CENTRO PARTICIPANTE EN PROXECTOS SEMELLANTES BASEADOS NUNHA METODOLOXÍA DE INDAGACIÓN	61
10.5	BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO QUE SE VAI DESENVOLVER NO CURSO 2019/2020	61
11.	PROXECTO CLUB DE LETRAS 201920.....	65
11.1.	INTRODUCCIÓN.	65
11.2.	PROXECTO	65
11.3.	PREVISIÓN DE HORARIOS E LUGARES DE DESENVOLVEMENTO DO CLUB	66
11.4.	PROFESORADO PARTICIPANTE.....	66



1. PROXECTO LECTOR DO CENTRO

1.1 INTRODUCCIÓN

Segundo se recolle no Decreto 130/2007, do 28 de xuño (DOG do 9 de xullo) polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 133/2007, do 5 de xullo (DOG do 13 de xullo), polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación (LOE) e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír no seu Proxecto Educativo de Centro, proxectos que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

Segundo o calendario de aplicación da nova lei orgánica LOMCE 8/2013, para a mellora da calidade educativa, recolle así mesmo a obrigatoriedade de que os centros inclúan no proxecto educativo o proxecto lector de centro. Tal e como aparece recollido nos decretos dos currículos de primaria (105/2014) e secundaria (86/2015), que contemplan a elaboración de Proxecto Lector de Centro (e no que a biblioteca é un elemento esencial para a consecución dos seus obxectivos), este deberá contribuír á mellora das habilidades de lectura e escritura, así como á adquisición de competencias no uso, tratamento e produción de información. Este documento desenvolverase a medio prazo, nel participarán tódolos profesores/as do Centro e será a referencia para a elaboración dos Plans anuais de lectura. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente.

1.2 PRINCIPIOS XERAIS QUE DEBEN REXER O PLAN DE LECTURA

- A lectura é unha materia transversal de todas as áreas do currículo e a ferramenta indispensable para a aprendizaxe de todas as materias.
- O fomento da lectura é tarefa de todos os que teñen responsabilidade na educación: pais e profesores.
- O alumnado debe ler durante as horas lectivas e de forma individual e colectiva materias divulgativas de todas as áreas.
- A lectura debe ir ligada á escritura (expresión escrita, ortografía, técnicas de presentación, vocabulario) e á expresión oral, polo que estas actividades deben traballarse de forma conxunta.



- As campañas de fomento da lectura e outras actividades deben ser asumidas por todo o claustro.

1.3 OBXECTIVOS

- Espertar o gusto e o interese dos alumnos/as pola lectura. Animar os alumnos/as a participar no Club de lectura creado no Centro.
- Formar lectores e lectoras competentes e crear hábitos de lectura.
- Desenvolver nos alumnos/as actitudes favorables cara á lectura, creando ambientes lectores.
- Formar aos alumnos nas capacidades necesarias para usar de forma autónoma os recursos dos que dispón.
- Fomentar a lectura e promover os recursos e servizos da biblioteca escolar dentro e fóra do conxunto da comunidade escolar.
- Inculcar e fomentar nos alumnos /as o hábito da utilización das bibliotecas ó longo da súa vida.
- Realizar experiencias de creación e utilización da información a fin de adquirir coñecementos, comprender, desenvolver a imaxinación e entreterse.
- Prestar apoio a tódolos alumnos/as para a adquisición e aplicación de capacidades que permitan avaliar e utilizar a información, independentemente do seu soporte, formato ou medio de difusión, tendo en conta as formas de comunicación que existen na comunidade.
- Fomentar o uso da biblioteca de aula.
- Promover campañas de fomento da lectura que consoliden o hábito lector na poboación escolar.

1.4 ORGANIZACIÓN

En función dos obxectivos propostos planifícanse e desenvólense actividades encamiñadas á mellora da competencia lectora e ó fomento do hábito lector.

- Distribuíranse os tempos, espazos, medios e recursos en relación coa biblioteca do centro e de aula.
- Coordináranse co equipo da biblioteca e Normalización Lingüística as actividades e propostas ao longo do curso.
- Decidirase o enfoque que se lle vai dar a este plan lector e as diversas actividades de animación á lectura que se concretarán ano a ano no PAL :



1.2.1 Actividades de aula nas distintas materias/áreas/niveis:

- Incluir en todas as materias a lectura de textos en distintos soportes, potenciando o uso do dicionario e a realización de esquemas e resúmenes.
- Fomentar a lectura de textos de diferente tipo en linguas estranxeiras.
- Fomentar a práctica de distintos tipos de lectura en cada unha das materias.
- Fomentar a dedicación dun tempo de lectura diario.

1.2.2 Actividades de educación documental:

- Potenciar a busca de información en diferentes fontes (biblioteca escolar, biblioteca pública e tecnoloxías da información e a comunicación).
- Potenciar a realización de exposicións escritas e orais propias, a partir da información existente e a súa presentación en soportes variados (presentacións powerpoint, bitácoras, gráficos, artigos, ...).
- Fomentar o traballo en grupo coa finalidade de potenciar o intercambio de opinións e o respecto polos demais.
- Potenciar a participación en actividades a través da páxina web do instituto e os distintos blogs existentes no centro (biblioteca, club de lectura, Equipo de dinamización da lingua galega ...).

1.2.3 Actividades de dinamización cultural:

- Deseño de actividades por parte do equipo da biblioteca.
- Visita guiada para os alumnos/as de Primaria e Secundaria á biblioteca escolar, coa finalidade de explicarlles o seu funcionamento e organización.
- Elaboracións de boletíns, trípticos, guías de lectura tanto en castelán como en galego.
- Celebración de actos conmemorativos como, por exemplo, o Día da Biblioteca Escolar, Samaín, semana da prensa ...

1.2.4 Actividades en coordinación cos diferentes niveis, áreas, materias e departamentos didácticos:

- Organización de concursos literarios, en colaboración con departamentos de lingua e o EDLG.
- Potenciar a participación e a consulta da páxina web, blog da biblioteca, club de lectura, ...



- Potenciar a consulta dos fondos de biblioteca a través do manexo do programa MEIGA.
- Aproveitar os obradoiros de animación á lectura que oferten as editoriais para a realización de actividades de dinamización.
- Exposicións de novidades de lectura xuvenil.
- Encontros con autores/as de obras lidas durante o curso.
- Colaboración co equipo de dinamización lingüística na elaboración de actividades e artigos para a revista do colexio "O Xunqueño".
- Colaboración cos distintos departamentos e niveis na realización de actividades diversas (exposicións, recitais, concursos, ...).
- Asistencia a representacións teatrais e posibilidade de realizar algunha dramatización co alumnado do propio centro.
- Utilizar as TIC no deseño e posta en marcha das diferentes actividades.

1.5 CONTRIBUCIÓN DOS DEPARTAMENTOS DA ESO AO PLAN LECTOR

Na etapa da educación secundaria é fundamental manter e fomentar o gusto do alumnado pola lectura, algo que non sempre é doado de conseguir na adolescencia. Buscando este obxectivo en primeiro lugar, pero tamén outros obxectivos didácticos como a mellora da comprensión lectora, aumento da capacidade expositiva do alumnado, variedade de vocabulario, etc, os departamentos da ESO colaboran cada un dende a súa materia da maneira que se indica a continuación:

Contribución do departamento de Lingua Galega:

Encadradas dentro do proxecto lector do centro, o departamento de lingua e literatura galegas promoverá unha serie de actuacións, como vén sendo habitual, encamiñadas a potenciar o interese pola lectura e pola creación literaria entre o noso alumnado. Neste sentido, colaboramos estreitamente durante o curso co profesorado encargado da Biblioteca, para favorecer todo o labor promovido desde ese ámbito, que tan claramente se vincula coa nosa materia en particular. Trataremos de crear e dirixir algún dos clubs de lectura que funcionan na Biblioteca. Así mesmo, potenciaremos a creación dos alumnos e alumnas involucrándoos na elaboración da revista do centro, informándoos de concursos, certames, etc. que poidan motivalos e interesarlles.



Materials

Partiremos fundamentalmente dos libros de texto e do material diverso que os rapaces e rapazas poden atopar na biblioteca (fundamentalmente os libros, pero tamén as revistas, os CDs, os DVDs,...). Así mesmo o alumnado pode aportar o seu propio material persoal, fomentando o intercambio de libros ou outros materiais entre eles. Tamén procuraremos a familiarización cos medios informáticos e audiovisuais á nosa disposición no centro (na propia Biblioteca, na propia aula ou nas aulas de Informática), achegando o noso alumnado ao manexo destes instrumentos nas súas creacións ou na procura da información que poidan precisar a través de ferramentas como Internet.

Metodoloxía e temporalización

Para adquirir e consolidar o gusto pola lectura é preciso mellorar a comprensión lectora, axudando o alumnado a adquirir contidos que o enriquezan culturalmente e o permitan gozar da lectura.

En 1º de ESO, das catro sesións semanais de Lingua galega, poderase dedicar unha delas á lectura colectiva na aula ou na biblioteca. Un alumno/a lerá en voz alta e os demais seguirán a lectura para continuar cada un deles cando o profesor/a llelo indique. A educación literaria na ESO oriéntase a consolidar ou fomentar os hábitos de lectura, ampliar as experiencias nos campos de lectura e recreación de textos adecuándoos ás novas necesidades de simbolización da experiencia e de expresión dos sentimentos, sistematizar as observacións sobre as convencións literarias e establecer de forma máis sistemática a relación entre as obras e os seus contextos históricos.

Ao finalizar a lectura farase un traballo sobre o libro seguindo unha ficha que a profesora facilitará os alumnos/as. Analizarán aspectos como o argumento, o tema, as personaxes, o espazo, o tempo, a voz narradora,... e o alumno dará a súa opinión persoal e fará unha valoración da obra. Completarase o traballo da lectura comprensiva e do comentario co achegamento aos textos incluídos en cada unidade do libro de texto. Pouco a pouco irase aproximando o alumnado aos textos literarios dos diferentes xéneros, así como ás figuras máis sobranceiras da historia da nosa literatura.

En 2º, 3º e 4º de ESO, cada trimestre será obrigatoria a lectura dun libro. Os alumnos presentarán un traballo ou farán unha proba escrita que se valorará consonte cos criterios de cualificación especificados.



En 3º e 4º de ESO, elaboraremos unha listaxe de lecturas (todas elas presentes na nosa biblioteca) entre as que os alumnos elixirán a lectura de cada avaliación. Esta listaxe estará sempre aberta ás suxestións e intereses dos propios alumnos, buscando a súa implicación na selección e fomentando os foros de lectura que se irán presentando a través da páxina web do centro. Tamén se procurará que os rapaces non se limiten á lectura obrigatoria e engadan algún título máis por avaliación de maneira voluntaria.

En canto aos libros de lectura propostos, procurárase que resulten atractivos e interesantes. A lectura do 2º/3º trimestre poderá modificarse nalgúns dos cursos á espera das ofertas editoriais de autores para organizar algunha visita á biblioteca.

Nos cursos de 1º dedicárase unha clase á semana á lectura en voz alta do libro que corresponda.

No transcurso do curso poderanse modificar os libros de lectura programados en función do alumnado e/ou das ofertas editoriais.

Contribución do departamento de Lingua castelá e Literatura:

A elección das obras de lectura propostas polo Departamento de Lingua castelá e Literatura obedece a un eixo vertebrador da propia materia: a creación de lectores permanentes, non obrigados senón motivados. Isto parte da consideración da lectura como unha fonte de pracer, de estimulación e recreación de novas fontes de entretemento, coñecemento e descubrimento.

Este enfoque leva implícito un achegamento á lectura dun modo práctico e persoal, tentando evitar rexeitamentos. Por iso, tratamos de promover a lectura de obras que resulten prazenteiras e motivadoras. En xeral, buscan contidos, temas, mundos e expresións próximos á idade do alumnado, á súa época, gustos, emocións e intereses.

Nos catro cursos da ESO, recomendarase a lectura dunha obra literaria cada trimestre. As lecturas propostas comentarase e traballarán en clase, e serán avaliadas a través dunha proba específica ou un traballo. O traballo sobre esta lectura suporá un 10% da nota final.

En 1º de ESO adicárase unha das catro sesións lectivas á lectura colectiva en voz alta, resolvendo dúbidas de vocabulario e comprensión, comentando e analizando o contido, para axudar a consolidar a competencia lingüística e o hábito lector.

A lectura e comentario de textos de tipoloxía variada, con especial atención aos distintos xéneros literarios, tamén estará presente no devir cotián das clases, pois



incumben á materia directamente. Ademais da lectura en voz alta, contéplase a práctica de recitación de poemas e dramatizacións de textos. A lectura e manexo destes textos realizarase tamén en soportes que vaian máis aló dos tradicionais (libro de texto ou de lectura), promovendo o uso de recursos dixitais e informáticos para tal fin. A programación desta materia contempla tamén como parte da formación lectora a realización de pequenos proxectos e traballos, individuais e/ou en grupo, nos que os alumnos deberán usar a lectura como fonte de procura de información ou a búsqueda e análise de textos literarios, tanto nos soportes tradicionais como na rede.

Outra rutina de lectura será a participación na Hora de ler, que consiste en adicar unhas cantas sesións exclusivamente á lectura (privada ou colectiva) na clase, e ao seu comentario. Este departamento ofrecerá aos alumnos ben lecturas literarias variadas, tanto xuvenís como clásicas ou contemporáneas, pertencentes á tradición castelá ou á da Literatura universal...; ou ben, textos xornalísticos que comenten algún asunto de interese educativo para os adolescentes.

Así mesmo, contéplase a posibilidade de ofrecer ou suxerir ao alumnado, en función das capacidades e intereses de cada estudante ou do grupo, outras lecturas voluntarias, que servirán para mellorar a súa cualificación.

Por outra banda, desde o departamento potenciarase a participación no Club de lectura, no que ambas profesoras están implicadas. O club de lectura está plantexado como actividade extraescolar voluntaria que ofrece a toda a comunidade educativa un espazo para compartir as súas experiencias lectoras. É una práctica de socialización e creación de comunidades de intereses ao redor dos libros e da lectura, avalada por resultados moi positivos, que no presente curso escolar se amplía a creación a un Club de adultos configurado por pais, nais e profesoras.

Para todo iso, a Biblioteca do Centro considérase un recurso clave, tanto como unha fonte máis de formación, información e aprendizaxe, como un lugar de acceso privilexiado aos libros de lectura. Desde a aula de Lingua castelá e Literatura promoverase en todo momento o seu uso e a colaboración nas actividades, proxectos ou iniciativas que esta propoña.

Igualmente, desde o departamento se favorecerán outras iniciativas vinculadas ao fomento da lectura e escritura, como as charlas con escritores ou a participación en certames literarios.



En definitiva, preténdese con todo iso contribuír a mellorar a competencia lectora, comprensiva e expresiva do alumnado e a crear un hábito lector, competencias clave nunha contorna no que ter unha capacidade crítica activa, determinará o exercicio responsable e reflexivo na sociedade.

As lecturas propostas para o curso escolar na materia de Lingua castelá e Literatura poderían modificarse nalgún dos cursos á espera das ofertas editoriais para organizar algunha visita dos autores á biblioteca escolar. Tamén poden variar se a profesora o considera necesario en función dos gustos, necesidades ou capacidades do grupo-clase ou por razóns organizativas (dispoñibilidade dos exemplares, por exemplo).

Contribución do departamento de Tecnoloxía:

Todos os bloques de contidos da área de Tecnoloxía, Programación e TICs, son propicios para o desenvolvemento da comprensión lectora e a expresión oral e escrita. Tanto na fase de búsqueda de información na rede ou en libros e revistas de divulgación, como o resto do proceso de resolución de problemas tecnolóxicos, son propicios para aprender a sintetizar información, esquematizar e interpretar textos, utilizar vocabulario específico e/ou simboloxía técnica.

Ademais, desde o plan lector de centro, propónse realizar lecturas de libros, xornais, revistas de divulgación ou páxinas web relacionados coa ciencia, a tecnoloxía ou calquera doutros elementos transversais.

Establécense de forma periódica, lectura e comprensión de artigos de periódico ou lecturas dixitais relacionadas coa materia e/ou coa actualidade e que a profesora considera que forman parte da cultura básica do alumnado, aínda que o tempo invertido neles supoña unha “perda” de profundidade noutros conceptos máis técnicos da materia.

En relación co plan lector do centro e, sobre todo, co proxecto de Biblioteca “Descubre Fene”, desde a área de Tecnoloxía, tentárase englobar os máximos estándares posibles ao redor dun eixo común, que é “Descubre Fene”. A nosa contribución, como departamento técnico, está todavía por determinar, pero tentárase afondar en temas fundamentais que forman parte do currículo tecnolóxico, como son os materiais, as estruturas, os mecanismos, a electricidade e a electrónica, os automatismos, os principios físicos fundamentais, as enerxías limpas, o medio ambiente e a evolución tecnolóxica, económica e social ao longo da historia, sempre dentro dun sistema de traballo inclusivo, participativo e de estímulo positivo para o alumnado de todos os



niveis educativos, apoiándonos sempre nas Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

En 2º, 3º e/ou 4º trataremos, si o currículo o permite, algunha actividade interdisciplinar en colaboración co departamento de Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química.

Contribución do departamento de Inglés:

Para fomentar a lectura os/as alumnos/as lerán unha lectura graduada por trimestre adaptada ao seu nivel.

Os Readers (libros de lectura obrigatoria) formarán parte do curriculum da materia dos 4 niveis de ESO e, polo tanto, serán avaliados na mesma medida que calquera outro contido. A profesora establecerá os controles sobre contidos, vocabulario, etc.

Así mesmo, o departamento porá a disposición do alumnado unha serie de revistas en inglés adaptadas ao seu nivel, con artigos sobre cultura anglosaxona.

Os/As alumnos/alumnas con máis inxenuidade lectora terán ocasión de levar libros en servizo de préstamo tanto no departamento como na biblioteca.

Nas clases tamén se realizan lecturas en voz alta de textos contidos no Student's Book e Workbook, e noutros medios.

Realizaranse actividades nas que o alumno/a teña que ler textos propios de situacións cotiás próximas como invitacións, felicitacións, notas, avisos, xogos.

Exploraranse as posibilidades expresivas da lectura de mensaxes nas que a expresividade sexa ingrediente fundamental para a comprensión e goce destas (breves obriñas de teatro, chistes, poemas, cancións, conversas da vida cotiá...).

Para a realización de traballos escritos e de exposición o alumno/a terá que ler e extraer información de textos procedentes de distintas fontes.

Dentro do programa "Hora de ler", na hora asignada á lectura, leranse textos en inglés sobre temas de actualidade, de interese para os/as alumnos/as, e sobre cultura anglosaxona.

Procuraranse tamén ler textos relacionados con temas que sexan obxecto de conmemoración no centro, p.ex. o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día Escolar da non Violencia e da Paz, Semana da Prensa, etc.



Contribución do departamento de Xeografía e Historia:

Estimular o gusto pola lectura favorecerá a capacidade para expresarse correctamente do noso alumnado, algo tan esencial na nosa materia, na que tan importante como saber so contidos é saber transmitilos. No centro establecéronse unha serie de medidas e actividades de promoción da lectura, recollidas no Proxecto Lector, e das cales destacaremos as seguintes, por implicarnos directamente nelas:

- A hora de ler, unha medida que pretende promover a lectura de textos relacionados coa materia ou aportados polo profesorado dentro do horario lectivo, durante unha sesión semanal.
- Bibliotecas de aula: esta contará con libros de consulta (atlas, dicionarios) e con novelas relacionadas con contidos a traballar na aula e sobre Fene e a nosa comarca, a temática proposta este ano pola biblioteca.
- Actividades diarias na aula, como lectura comprensiva de textos de diferentes graos de dificultade en todas as unidades, así como de prensa.
- Recuncho lector no taboleiro de aula, onde profesor e alumnos puidesen colgar recomendacións de lectura, artigos de prensa, etc. Sería tarefa da profesora supervisar a variedade e a renovación dos materiais para asegurar así a implicación e a motivación do alumnado.
- Emprego de xornais para analizar noticias de actualidade e artigos de revistas relacionadas cos contidos da materia como medio ambiente, poboación, conflitos, contaminación, explotación infantil, algún conflito.
- Lectura dun capítulo dalgún libro concreto, con interese xeográfico ou histórico como El Viejo que leía novelas de amor, de Luís Sepúlveda (para estudar os modos de vida na zona ecuatorial-tropical), Las horas largas, As flores radioactivas, o capítulo A fosa atlántica, algún capítulo de La vuelta al mundo en 80 días, El asombroso viaje de Pomponio Flato e outros que poida elixir o profesor.
- De acordo coa profesora de galego e castelán, algún dos libros de lectura obrigatoria das súas materias poderán estar relacionados con temáticas históricas.
- Busca e selección de información en internet.

Contribución do departamento de Física e Química:

As actividades previstas polo departamento de física e química:

- a) DIARIAS: lectura comprensiva de fragmentos do libro de texto e das actividades (enunciados e respostas).



- b) EN CADA UNIDADE DIDÁCTICA OU BLOQUE DE CONTIDOS: lectura comprensiva dun texto relacionado coa unidade. Lecturas que poden ser en voz alta ou de maneira individual.
- c) DURANTE O CURSO: lectura de xornais, revistas científicas, etc que recollan temas de actualidade relacionados cos das unidades que se estean a traballar na aula nese momento.

O noso centro ten deseñado un Proxecto Lector que adica unha hora semanal á lectura, esa sesión irá rotando, cando coincida cunha sesión da nosa materia adicaremos ese tempo para ler, levaranse textos científicos relacionados co currículo ou con algún tema científico de interese.

Preséntase algún exemplos de lecturas e textos para este curso:

- En el espacio nadie puede oír tus gritos... ¿o sí? Artigo de divulgación científica elpais.com
- Una breve historia de casi todo. Bill Bryson. Lecturas de capítulos do libro.
- Radares, Hula Hoops y Cerdos juguetones. Joe Schwarcz. Lecturas de capítulos do libro.
- Cuatro nuevos elementos en la tabla periódica: nihonio, moscovio, tenesina y oganesón. Artigo de divulgación científica. abc.es/ciencia
- Biografías breves: María la Judía, Fritz Haber, Galileo Galilei, Kepler...
- La cuchara menguante. Sam Kean. Lecturas de capítulos do libro.

Contribución do departamento de Francés

Encadrado no Proxecto Lector do Centro, dende esta materia imos fomentar o proxecto lector, co fin de inculcar o hábito lector entre o alumnado desta etapa. Do que se trata non é de cargar de lectura aos alumnos, senón facer que eles mesmos se acheguen á lectura pouquiño a pouco, dunha maneira global dende tódalas materias. Así, na aula leremos os diálogos e artigos dos libros de texto adaptados ao nivel de cada alumnado e de acordo cos seus intereses, facendo seguidamente preguntas de comprensión e resumos; tamén traballaremos con artigos de xornais para que vexan unha das aplicacións principias da lectura; e por suposto, con textos auténticos en soporte dixital (dentro do programa de utilización de Tics).

Tratándose dun idioma extranxeiro, que se empeza a estudar en 1o de ESO, non podemos introducir a lectura nas aulas de forma ampla e sistemática como convén no



Plan lector. Temos só dúas horas por semana co cal o tempo vese moi reducido con respecto a outras materias, con todo isto o que si pretendemos dun xeito progresivo é a adquisición do hábito da lectura e que permite ao mesmo tempo afianzar as adquisicións lingüísticas, desde os primeiros cursos. Para iso, a Biblioteca dispón de lecturas suficientes en francés adaptadas ao nivel do alumnado entre os que poderá elixir. Aproveitaremos tamén a hora de ler para traballar con ese material.

Contribución da materia de Cultura Clásica

Fomento da lectura: recomendación de libros e/ou textos cos seus correspondentes proxectos de animación á lectura para cada un, accesible a través da web de Anaya infantil e xuvenil <http://www.leerenelaula.com/>. Para cada unidade recoméndase a lectura de algún texto de temática xuvenil e en relación cos contidos das leccións dadas.

Contribución do departamento de Matemáticas

Desde esta materia intentarase levar a cabo algunhas das actividades seguintes:

- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados coas Matemáticas.
- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
- Para a hora de ler elixíranse textos variados con especial atención a lecturas vinculadas con as matemáticas.

Contribución do departamento de Educación Física

Ademáis da colaboración do Departamento de E.F., no traballo de fomento da lectura, que consistirá nunha hora de lectura semanal, o fomento da lectura e das TIC, farase por medio de traballos teóricos que esixen:

- Manexo de Internet para atopar a información necesaria.
- Empregar os medios informáticos para a elaboración de materias propios do alumnado.
- Lectura de literatura científica propia da materia de Educación Física.

Contribución do departamento de Música

A lectura e a expresión oral promoveranse ao longo do curso mediante:



- Lectura de artigos de revistas especializadas e posterior debate na aula. Ao longo do curso, co avance das unidades didácticas, facilitaranse textos diversos que requirirán unha asimilación e comprensión por parte do alumno.
- Lectura do libro de texto de referencia. Pedirase ao alumnado a lectura en casa e en clase do libro para que reparen en determinados contidos e aprendan a extraer os fundamentais de cada tema mediante as técnicas do subliñado ou a realización de esquemas e resumos escritos.
- Organizarase algunha actividade na biblioteca do centro aproveitando os recursos de que dispón para que o alumno poida buscar información e traballar con textos tanto en formato papel como a través de soporte electrónico.

Contribución do departamento de Relixión

A materia de Relixión participará activamente no Plan Lector do propio Centro coa dinámica que se estableza para este curso, así como nas actividades propostas polo equipo da Biblioteca e PLAMBE. De non coincidir o horario establecido do Plan Lector con algunha clase desta materia adicarase, en cada grupo, o tempo que fora preciso na lectura e traballo de textos para que os nosos alumnos acaden gusto pola lectura facendo dela unha rutina diaria na que atopen entretenemento intelectual e formativo.

Como accións máis destacadas teremos en conta:

- Lectura en voz alta de xeito rotatorio e participativo dos alumnos dunha parte de calquera unidade didáctica que corresponda explicar.
- Exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios con textos axeitados que motiven aos alumnos a ler con agrado, lectura de biografías de personaxes fundamentais do cristianismo e da humanidade, lecturas de Encíclicas, lectura sobre unha selección de temas de actualidade, textos sinodais, preguntas sobre o lido, extracción da idea principal, realización de exposicións escritas do texto traballado, resumos, esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos. Todo iso axeitadamente á idade e capacidades dos alumnos.
- Lecturas e exposicións de ideas e opinións persoais así como interpretación de murais e traballos realizados polos alumnos e que contribúen ao desenvolvemento da expresión escrita e oral.



Os exemplares da Biblia e demais libros que se usen serán do Departamento de Relixión ou da Biblioteca do Centro polo que non é necesario que os alumnos os merquen.

Contribución do departamento de Bioloxía e Xeoloxía

O Departamento de Ciencias contribuirá ó desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro, colaborando en tódalas actividades que se realicen con este plan.

Faranse lecturas colectivas e individuais de actividades específicas que veñen nos libros de texto. Lecturas colectivas e individuais de libros de divulgación científica como:

- Neurociencia para Julia. Xurxo Mariño
- Unha herdanza incómoda. Nicholas Wade
- A especie elexida. Juan Luis Arsuaga e Ignacio Martínez
- O selo indeleble. Juan Luis Arsuaga e Manuel Martín Loeches

Empregaranse xornais e artigos de revistas para analizar noticias de actualidade e artigos relacionados cos contidos da materia.

Tratarase de desenvolver actitudes favorables á lectura, mediante estratexias de exposición de temas na aula, lectura de textos, resumo e redacción de traballos escritos.

1.6 AVALIACIÓN

Para a avaliación deste plan terase en conta ademais dos aspectos relacionados co hábito lector (índices de lectura), a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria, e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio de aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

Para a avaliación deste plan, os equipos de ciclo e os departamentos elaborarán unhas táboas de dobre entrada onde se irán anotando os distintos aspectos a avaliar.

1.7 RECURSOS

- Biblioteca do centro.
- Biblioteca de aula.
- Aula de informática.
- Videoteca.
- Aula Maker.
- Bibliotecas da contorna.



2. PLAN ANUAL DE LECTURA CURSO 2019-20

O Plan Anual de Lectura (PAL) é un documento a curto prazo que contén obxectivos e accións que se levarán a cabo ao longo do curso para desenvolver o Proxecto Lector de Centro (PLC).

Pretendemos deseñar un plan personalizado e adaptado ás características específicas do noso centro, que vaia encamiñado a mellorar as competencias fundamentais de lectura e escritura do noso alumnado desde todas as áreas do currículo, xa que nelas atópase a base de calquera tipo de aprendizaxe. Dende a biblioteca escolar do centro, a través actividades de dinamización que impliquen a maioría dos departamentos didácticos así como a outros órganos da nosa contorna (biblioteca pública, asociacións culturais, librarías, ...) buscamos implicar a toda a comunidade educativa no proceso de adquisición do hábito lector.

A biblioteca será o recurso de referencia para todas as actuacións que pretendan a mellora das competencias de lectura e escritura, así como as habilidades para o uso e produción da información. Ofrece tamén oportunidades de aprendizaxe, de colaboración e de convivencia e reforza os proxectos do centro.

Todas as actividades recollidas neste plan anual de lectura contan co apoio e aprobación de todo o claustro de profesores así como da dirección do centro, o que hai que destacar xa que non se podería levar a cabo sen a súa colaboración efectiva

2.1 OBXECTIVOS

Segundo as directrices aportadas polo noso PLC establecemos uns obxectivos que buscan atender as principais necesidades do noso centro en relación á competencia lecto-escritora e á competencia informacional.

- Espertar o gusto e o interese dos alumnos/as pola lectura. Animar os alumnos/as a participar no Club de lectura creado no Centro.
- Formar lectores e lectoras competentes e crear hábitos de lectura.
- Desenvolver nos alumnos/as actitudes favorables cara á lectura, creando ambientes lectores.
- Formar aos alumnos nas capacidades necesarias para usar de forma autónoma os recursos dos que dispón.



- Fomentar a lectura e promover os recursos e servizos da biblioteca escolar dentro e fóra do conxunto da comunidade escolar.
- Inculcar e fomentar nos alumnos /as o hábito da utilización das bibliotecas ó longo da súa vida.
- Realizar experiencias de creación e utilización da información a fin de adquirir coñecementos, comprender, desenvolver a imaxinación e entreterse.
- Prestar apoio a tódolos alumnos/as para a adquisición e aplicación de capacidades que permitan avaliar e utilizar a información, independentemente do seu soporte, formato ou medio de difusión, tendo en conta as formas de comunicación que existen na comunidade.
- Fomentar o uso da biblioteca de aula.
- Promover campañas de fomento da lectura que consoliden o hábito lector na poboación escolar..

2.2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

No noso centro buscamos facer chegar todos os recursos dispoñibles para o fomento da competencia informacional á comunidade educativa. Para iso, e tendo a Biblioteca Escolar (BE) como lugar vertebrador e centralizador da información establécense diferentes espazos para a lectura:

- A BE está a disposición da comunidade educativa durante toda a xornada escolar. Permanece aberta durante os recreos de Primaria e Secundaria con profesorado de garda asignado.
- Bibliotecas de aula: todas as aulas de Infantil, Primaria e Secundaria contan cunha biblioteca de aula que se actualiza cada certo tempo.
- Biblioentrada: espazo lector no corredor de entrada ao cole con material diverso que poden consultar os familiares que acoden ás titorías ou a recoller ao alumnado, os alumnos e alumnas no tempo de lecer, ou calquera outra persoa que acuda ao noso centro.
- Biblioteca na sala de profesores, con materiais de consulta e divulgación.
- Proxecto para crear unha pequena biblioteca na aula maker, con material de apoio para as actividades desta aula.

Os tempos para a lectura inclúen ademais das horas de lecer, todo o tempo dedicado ao traballo con textos nas diferentes áreas e materias dos distintos niveis educativos. Así mesmo establécese a **Hora de Ler**:



- En Primaria todos os días dedican á lectura de 11:50 a 12:10
- En Secundaria dedícase unha hora semanal completa á lectura, seguindo un calendario preestablecido a comezo do curso.

2.3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.

A nosa BE está incluída dentro do grupo de bibliotecas que participan no PLAMBE, un programa de mellora no que participamos dende hai tres anos. Na PXA aparecen recollidas as liñas prioritarias para este curso que se estableceron na solicitude de continuidade do programa PLAMBE, que foi aceptada pola Consellería. Estas liñas de actuación son as que nos guían en todas as actividades que se desenvolven ao abeiro deste PAL e aparecen no punto 9 da PXA para o curso 2019-20.

2.4. RUTINAS DE LECTURA.

- a) Durante a hora de lecer, o alumnado pode acudir á biblioteca a facer lectura silenciosa, traballo en grupo, colaboración co equipo de biblioteca, construcións con Lego seguindo os libros de instrucións á súa disposición.
Distribuíuse así mesmo unha circular informativa dirixida ás familias para presentar a actividade e apuntarse, e deuse información sobre o club de lectura a través dos titores nas reunións de pais e nais no comezo do curso. curso.



7. PROXECTO ERASMUS+ “ROBOT DANCE”

O CPI A Xunqueira participa nun proxecto europeo KA2, encadrado dentro dos proxectos Erasmus+, chamado “Robot DANCE”. Este proxecto ten unha duración de tres anos e comezou no curso 2017/18. O obxectivo final é conseguir unha serie de produtos que permitan visibilizar todo o traballo que se fará ao longo deste tempo, entre os que destaca o acontecemento simultáneo “baile do robot”, onde o alumnado programará os robots para bailar a mesma secuencia de movementos desenvolvidos de xeito colaborativo e a distancia a través de Internet. Implicará ao Equipo Directivo, ao profesorado, alumnado e ás familias.

Os robots son o futuro!

7.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Capacitar ao profesorado nas habilidades do século XXI e fortalecer súa capacidade para ofrecer unha experiencia de aprendizaxe de alta calidade e actualizada para o alumnado.
- Desenvolver a capacidade creativa, de resolución de problemas e de traballo en equipo dos alumnos para apoialos na busca de enfoques innovadores para resolver os problemas do século XXI que atoparán en situacións laborais e da vida futuras.
- Informar ás familias de como se emprega á tecnoloxía dixital nas aulas e comprometalos en apoiar a aprendizaxe dos seus fillos/as.

7.2 PARTICIPANTES

- En España: CPI A Xunqueira (Fene), CPI San Sadurniño (San Sadurniño), IES Sofía Casanova (Ferrol), e CFR de Ferrol.
- En Cardiff (País de Gales): Cardiff Council (dirección do proxecto), International School Linking Department do Concello de Cardiff, The Big Learning Company (unha PYME especialista en formación do profesorado e alumnado).
- En Kuopio (Finlandia): O Centro de formación e apoio do profesorado que selecciona as escolas participantes.



7.2.1 Criterios de movilidad Erasmus+ Robot Dance 2019/2020.

Dado que únicamente poderán viaxar un grupo de 3 alumnos de todos os que participaron activamente nas actividades deste proxecto, a selección deste alumnado será en base aos seguintes criterios:

1. Alumnado matriculado en 4º ESO na materia de Tecnoloxía. (Requisito imprescindible. Sen peso).
2. Participación na FLL 2018/2019; esta actividade foi a principal dese curso, obrigatoria polos coordinadores dos tres países Erasmus e voluntaria para o alumnado. (Peso: 40%).
3. Participación das familias no acollemento de alumnado estranxeiro 2018/2019. (Peso: 20%).
4. Participación (voluntaria) na recepción de socios no CPI A Xunqueira en 2018/2019, incluída a recepción de profesorado estranxeiro doutros Erasmus+. . (Peso: 20%).
5. Implicación en actividades (xincana 2018/2019). (Peso: 10%).
6. Participación e implicación nos recreos da aula Maker durante o curso 2018/2019 e 2019/2020. (Peso: 10%).

7.3 METODOLOXÍA DE TRABALLO

Cóntase con orzamento a cargo da Comisión Europea para celebrar as seguintes actividades:

1. Reunións Transnacionais de xestión de proxectos.
2. Capacitación de mestres/oportunidades de JobShadowing.
3. Intercambio de alumnado.
4. Eventos multiplicadores.
5. Saídas educativas.
6. Publicación dos produtos, compartir ideas e comunicación a través dun Twin Space eTwining.

As principais liñas de traballo son:

- Avaliación inicial.
- Revisión do impacto.
- Directrices de boas prácticas
- Produtos intelectuais:
- Recursos para o aula



- Materiais de formación de mestres.
- Participación das familias.

7.4 TEMPORALIZACIÓN

Dividiranse os 3 anos en 9 bloques (“*semestres*”, que se corresponden aproximadamente con 4 meses).

A planificación correspondente ao curso 2019/20 abranguerá o 7º, 8º e 9º *semestres*:

7º semestre (setembro 2019/xaneiro 2020)

Reunións locais

Reunión transnacional 5: en Gales do 4 ao 8 de novembro 2019

Estaba prevista unha mobilidade do alumnado español e finlandés a Gales, pero dadas as circunstancias internacionais e o máis que posible Brexit a finais de outubro, o alumnado español non viaxará.

Desenvolvemento de materiais de capacitación de mestres.

Desenvolvemento dos grupos representativos do alumnado.

8º semestre (febreiro/xuño 2020)

- Reunión transnacional 6: en Galicia do 13 ao 17 de xaneiro 2020.
- Visita do profesorado de Gales e Finlandia aos socios españois.
- Actividades de formación do profesorado
- Reunión transnacional 7: en Finlandia do 10 ao 14 de febreiro 2020.
- Visita do alumnado de España e Gales e actividades de formación do alumnado.

9º semestre (xullo/setembro 2020)

- Desenvolvemento do produto final: baile do robot.
- Elaboración de materiais para o profesorado e o alumnado.
- Elaboración da guía de boas prácticas.



8. PROXECTO ERASMUS+ “DEVELOPING AN ARTIFICIAL INTELLIGENCE CURRICULUM ADAPTED TO EUROPEAN HIGH SCHOOL”

O CPI A Xunqueira participa nun proxecto europeo KA2, encadrado dentro dos proxectos Erasmus+, chamado “Developing an Artificial Intelligence Curriculum adapted to European High School”. Este proxecto ten unha duración de tres anos e comeza neste curso 2019/20. O obxectivo principal deste proxecto é o desenvolvemento dun plan de estudos de Intelixencia Artificial adaptado á educación secundaria en Europa. Implicará ao Equipo Directivo, ao profesorado, alumnado e ás familias.

8.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Crear un currículo de Intelixencia Artificial adaptado á ensinanza secundaria europea.
- Lograr o recoñecemento internacional dos centros participantes como centros de referencia tecnolóxica.
- Mellorar as posibilidades de acceso do alumnado a os estudos sobre intelixencia artificial no ensino postobrigatorio.
- Incrementar as oportunidades do alumnado para entrar no mercado laboral do futuro.

8.2 PARTICIPANTES

- Coordinación: Universidade da Coruña.
- IES David Buján (Cambre)
- CPI A Xunqueira.
- ZIIS ARuiz (Catania, Sicilia, Italia).
- Viesoji istaiga Panevezio profesinio rengimo centras (Panevezio, Lituania).
- Solski center Velenje (Velenje, Eslovenia).
- Joensuun yhteiskoulun lukio (Joensuu, Finlandia).

8.2.1 Criterios de selección do nivel educativo a involucrar.

O criterio máis importante de selección do nivel de secundaria a involucrar neste proxecto, foi a duración do mesmo, que son 3 anos. Un dos obxectivos é coñecer a



evolución do alumnado durante o tempo que dura o proxecto, analizar os resultados da súa implementación na aula e retroalimentar o avance do mesmo cos resultados do noso alumnado.

Por tanto, ao non dispoñer no noso centro do Bacharelato e, como o alumnado debe partir dun nivel básico de programación (que só se ensina en 2º ESO) e Matemáticas, considérase este nivel, 2º ESO, o máis adecuado para levar a cabo este Erasmus+.

8.2.1 Equipo de traballo.

O equipo de traballo do CPI A Xunqueira, está formado por:

- M^a Isabel Hermida Rodríguez, directora e profesora de Matemáticas.
- Blanca López Moreno, coordinadora do proxecto e profesora de Tecnoloxía.
- Montserrat Iglesias Rivera, profesora de Física e Química.
- Un equipo de 5 alumnos/as.

8.2.2 Criterios de selección do alumnado.

Coa intención de lograr unha igualdade de oportunidades entre alumnos e alumnas e cumprindo cun dos obxectivos deste proxecto que é fomentar o estudo e as saídas profesionais STEAM entre as alumnas, decidimos tentar lograr paridade no noso equipo. Con este fin, comezarase a traballar no devandito proxecto con 6 alumnos/ as, 3 mozos e 3 mozas de 2º ESO que se atopen matriculados na materia de Programación no curso académico 2019/2020.

Para a correcta elección do alumnado máis apto para comezar a traballar, pedíronse os seguintes informes individualizados, a todo o alumnado de Programación.

- Informe da Xefa de Estudos de Primaria, Dolores Yáñez Casal.
- Informe da titora de 1º ESO, M^a Pilar Vázquez Castro.
- Informe da profesora de Matemáticas M^a Concepción Rodríguez Cotos.
- Avaliación inicial da materia de Programación 2º ESO.

Tendo en conta que aínda estamos a comezo de curso, descoñecemos a resposta do alumnado que inicialmente se seleccione para o E+. Por tanto, considérase este un grupo aberto e flexible, que irá evolucionando durante este curso, de maneira que cabe a posibilidade de que haxa alumnado que entre e salga deste grupo en función de diversas razóns, xa sexa porque non lles gusta, parézalles complexo ou non se adapten ao ritmo de traballo que require.



8.3 METODOLOXÍA DE TRABALLO

Cóntase con orzamento a cargo da Comisión Europea para celebrar as seguintes actividades:

- Reunións Transnacionais de xestión de proxectos.
- “Workshops” para poñer en común o traballo nas distintas etapas.
- Eventos multiplicadores.
- Publicación dos produtos, compartir ideas.

Traballarán profesoras dos departamentos de Tecnoloxía, Física e Química e Matemáticas cun grupo de 6 alumnos, que se comprometerán a participar na totalidade do proxecto. As principais liñas de traballo son:

- Programación de dispositivos do mundo real que interactúan co entorno real.
- Usar o teléfono móbil (teléfono intelixente) do estudante como elemento tecnolóxico central para desenvolver todo o material educativo.
- “Test point” para o alumnado, a desenvolver baixo a supervisión do profesorado da UDC.

8.4 TEMPORALIZACIÓN

Durante os tres anos o grupo de traballo do CPI A Xunqueira desenvolverá o traballo durante 2 horas semanais fóra do horario lectivo. O profesor encargado da UDC fará 3 “Test point” por curso, nos que se medirá a evolución do alumnado e a adecuación do material elaborado. Realizaranse 5 workshops, 1 no primeiro curso e 2 en cada un dos seguintes, nos que se porá en común o traballo feito nos distintos países. Neste curso está previsto que se realice en España a final de curso. Nos dous cursos seguintes, haberá un ao principio e outro ao final, e serán cada un deles nos distintos países: Italia, Lituania, Eslovenia e Finlandia.



9. PROXECTO PARA RECREOS ACTIVOS “ESPAZO MAKER”

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, establece coma un dos principios básicos que inspira o sistema educativo, o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

O “Espazo Maker” considérase un lugar de aprendizaxe a través do xogo libre, aberto, flexible e dinámico, onde se lle ofrece ao alumnado unha gran variedade de actividades para que escollan libremente aquilo que queren aprender, convertendo así os espazos tradicionais en “aulas divertidas”.

Con esta filosofía de traballo, desde o CPI A Xunqueira gustaríanos conseguir con este proxecto de innovación educativa, os seguintes obxectivos no noso alumnado de educación secundaria:

9.1 OBXECTIVOS XERAIS

1. Activar a aprendizaxe a través da creación de obxectos físicos e a aplicación dos conceptos aprendidos en clase.
2. Aprender a fracasar para que o alumnado poda experimentar, equivocarse e incluso autocorrrixirse.
3. Animar á investigación cun método de traballo de resolución de problemas, estimulando a búsqueda de solucións creativas, o pensamento lóxico e a experimentación.
4. Poñer en contacto aos escolares co uso de novos dispositivos e tecnoloxías que serán indispensables na súa formación e nas habilidades necesarias no futuro.
5. Manter a atención como parte do proceso de aprendizaxe para conseguir o obxectivo marcado.
6. Fomentar a comunicación e as habilidades interpersoais, favorecendo o nivel de autoestima do noso alumnado, permitindo expresar os seus coñecementos e opinións e respectando e comprendendo as dos demais.
7. Axudar a acadar as competencias clave para o seu pleno desenvolvemento persoal e social.
8. Promover actividades motivadoras utilizando estratexias metodolóxicas activas cun enfoque interdisciplinar.
9. Axudar a adquirir competencias transversais necesarias no século XXI en proxectos integrados en calquera área do currículo.



10. Fomentar as actividades STEAM (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñería, Arte e Matemáticas), a través de iniciativas prácticas e dentro dunha filosofía DIY (do it yourself – faino ti mesmo) e/ou DIWO (do it with others – faino en colaboración con outros compañeiros).
11. Reforzar a motivación polas saídas profesionais científicas, facendo especial fincapé nas alumnas, tentando visibilizar a historia das mulleres na ciencia ao longo da historia.
12. Afondar na individualidade do alumnado a través da alfabetización múltiple que, a través da gamificación e os retos, permitiría un proceso de ensinanza aprendizaxe máis adaptado e próximo, respectando os ritmos de aprendizaxe de todo o alumnado.

9.2 EIXES DE ACTUACIÓN

Para poder acadar estes obxectivos, desde o CPI A Xunqueira plantéxase un proxecto vertebrado en catro eixes fundamentais:

1. Atención activa á diversidade do noso alumnado a través do xogo cooperativo con impresión 3D, software de código aberto, realidade aumentada, programación e robótica, e ferramentas colaborativas como a flipped classroom.
2. Participación de todo o profesorado participante en actividades e proxectos interdisciplinares, fomentando así a cultura emprendedora desde o aula.
3. Fomento e participación en feiras e concursos científicos con filosofía STEAM..

9.3 ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADES PROPOSTAS

9.3.1. Televisión en “A Xunqueira”.

En colaboración coa Biblioteca, no curso 2018/2019, comezamos cun proxecto onde pretendemos relacionar todas as actividades do centro coa temática anual que se desenrola no noso centro educativo a través do PLAMBE. Así, involucramos dun xeito activo a todas as áreas e toda a Comunidade educativa, incluíndo ás familias, dentro do espazo maker; no só as áreas de ciencias, senon tamén as linguas, o arte e a música, fortalecendo así o uso da lingua galega e as linguas extranxeiras, que traballamos a través da sección bilingüe da que dispoñemos.



Neste sentido, neste espazo audiovisual, creamos unha canle en youtube e comezamos a traballar nela. No presente curso 2019/2020, pretendemos continuar dando visibilidade a todas aquelas actividades feitas polo noso alumnado no centro e fóra del a través de novas e realización de curtametraxes, conseguindo integrar e visibilizar non só a actividade interna do noso centro senon tamén a da nosa contorna.

9.3.2. Recreos Maker.

O noso centro dispón dun recreo diario de 11:50 a 12:10. As actividades dos recreos Maker están orientadas a pequenos retos e/ou actividades científicas (propostos polo profesorado implicado) que o alumnado puidese realizar en curtos períodos de tempo, ofrecendo así unha alternativa de aprendizaxe lúdico. Pretendemos descubrir ao noso alumnado espazos diferentes aos convencionais, fomentando a creación de xogos, pequenas actividades de experimentación e/ou retos onde cunha guía mínima do profesorado, poidan investigar, diseñar e construír de forma individual ou en grupo aquilo que desexen:

- Creación dun LOGO propio da aula Maker (ulizando diseño e impresión 3D).
- Creación de materiais etextis ou soft circuits.
- Creación de toga, banda e birrete para o alumnado de 4º ESO (máquina de coser).
- Pequenos proxectos con placas de prototipado, coma Arduino ou MakeyMakey.
- Utilización de robots educativos coma KBot, OHBot, Makerbot e Lego.
- Utilización de ferramentas TICs no mundo audiovisual.

Para todo isto, tentaremos utilizar todos eses espazos que xeralmente non se utilizan, como son os corredores e ocos de escaleiras, convertindo estas zonas que convencionalmente son de paso, en corredores aproveitables para a utilización de robótica educativa e murais interactivos.

9.3.3. Sobremesa activa.

O CPI A Xunqueira dispón de comedor escolar, polo que o noso alumnado dispón dun tempo de lecer os martes, entre as 13:45 e as 16:20 que empezan as clases pola tarde. É nese espazo de tempo onde propoñemos a realización de obradoiros de investigación máis elaborados, orientados a participación en concursos como a First



Lego League ou D3mobile na que este centro leva participando fai anos e, ademais, calquera feria escolar que se poida presentar durante o curso.

9.3.4. Colaboración solidaria con ONG.

O AprendizaxeServicio é unha metodoloxía educativa que une a ensinanza ao compromiso social, unha práctica na que o alumnado aprende mentres actúan sobre necesidades reais da contorna coa finalidade de melloralo e permitindo traballar competencias, habilidades, comportamentos e actitudes para a vida e, ademais, pódese integrar noutras metodoloxías comentadas neste proxecto. Unha das actividades que se propoñen é a de “Cibertutores”, onde o alumnado de cursos superiores colaboran nos recreos Maker ensinando programación e robótica aos máis pequenos, fomentando así o traballo en equipo, a empatía, a oratoria e a seguridade na rede.

Tamén propónse unha actividade de “Creación de campañas locais de concienciación”, colaborando cunha ONG local coma o Banco de Alimentos. A través do deseño e impresión de obxectos en 3D ou a creación de chapas, poderíase facer unha recadación de fondos e será o propio alumnado o que xestione a compra de alimentos, colaborando directamente en función das necesidades da ONG.

9.3.5. Participación activa no Erasmus + “Robot Dance”.

O CPI A Xunqueira forma parte dun Erasmus + de robótica Lego, chamado “Robot Dance”. A través deste proxecto o noso alumnado traballa para mellorar non só as competencias matemática e tecnolóxica, senón tamén outras como a comunicación e as habilidades sociais con alumnado doutros países, neste caso Finlandia e Gales. A través deste espazo Maker e a través dos recursos que ofrece a Consellería, como son o equipo de procesado e edición audiovisual, podemos dar máis visibilización e afondar máis en temas transversais como o traballo colaborativo e a comunicación, que moitas veces non se poden desenrolar por falta de tempo, espazo ou recursos adecuados.



9.3.6. Participación activa no Erasmus + ““Developing an Artificial Intelligence Curriculum adapted to European High School”.”.

O CPI A Xunqueira forma parte dun Erasmus + sobre Intelixencia Artificial solicitado pola Escola Universitaria Politécnica de Enxeñería Industrial da UDC (campus de Esteiro). Desenvolverase ata o 21/22 e colaboraremos con países como Italia, Lituania, Finlandia e Eslovenia. Este Erasmus, pretende formar alumnado competente en futuras áreas de traballo imprescindibles a medio prazo e ao que é preciso dar resposta na nosa educación comezando na etapa de Secundaria coa elaboración dun currículo adaptado a súa idade.

9.3.7. Proxectos interdisciplinares entre áreas.

Este ano, xunto coa Biblioteca escolar, comezaremos a traballar no proxecto: “Descubre Fene!”. Trátase da realización dunha liña do tempo feita con impresión 3D sobre a nosa contorna. Realízase xunto con todo o profesorado co obxectivo de coñecer o noso Concello desde tódas as áreas posible. Para todo isto, propóñense os espazos Maker como aulas abertas a toda a Comunidade educativa..

9.3.8. Difusión do proxecto “Espazo Maker”.

Difusión nas redes sociais e na Televisión da Xunqueira de todas as actividades do proxecto Maker a través da utilización segura das mesmas, como: Facebook, Instagram e a páxina web do centro. Esta parte do proxecto iría coordinada co profesorado implicado na Biblioteca escolar e o proxecto PLAMBE.

9.3.9. Xincana STEAM.

Actividade anual de exposición de todos os traballos, actividades e proxectos feitos polo alumando para o desfrute de toda a comunidade educativa a través de pequenos retos e actividades lúdicas realizadas durante todo o curso académico 2019/2020.

9.4 ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS.

O centro dispón de tres espazos que se utilizarán para instalar o equipamento:

- Aula Maker, de 50m², ao lado da aulaller de Tecnoloxía, de 65m², e con posibilidade de comunicalas interiormente. A idea de situala neste punto é poder separar a zona de mecanizado dos proxectos (serrado, corte, lixado ou perforación



de materiais), da zona de deseño, programación e robótica, construción e montaxe.

- Aula de Audiovisuais, de 65m², situada ao lado da Biblioteca, para situar todo o equipamento e recursos audiovisuais. O obxectivo de separar este equipamento do resto é o de dispor dun aula na que se poida traballar un proxecto de televisión no centro e, así, ter un espazo permanente de gravación onde, en colaboración coa Biblioteca, realizaríanse todas esas actividades audiovisuais de todo o alumnado do centro.
- Ademais, utilizaranse os corredores amplísimos do centro cun ancho de 1 m, así coma os ocos de escaleiras que dispoñen de moita luz natural, coma “espazos aproveitables”, tanto verticais (en forma de hortos interiores e de creación artísticotecnolóxica) coma horizontais en actividades de robótica.

9.5 PROFESORADO PARTICIPANTE

COORDINADORA: Blanca López Moreno, 32670209C, Tecnoloxía

PROFESORADO PARTICIPANTE	DNI	ESPECIALIDADE
Isabel Hermida Rodríguez	32641299K	Matemáticas
Montserrat Iglesias Rivera	32666009Y	Física e Química
Lucía Prieto Seijas	32666590N	Xeografía e Historia / Biblioteca
Lucía Sesto Porto	32842703Z	Ed. Plástica y Visual
Sandra López López	32682657W	Francés
María Anca Casal	32655130Y	Lingua Galega
Luisa M ^a Dopico Rey	32654036Q	Lingua Galega
M ^a Carmen González Díaz	32815344W	Lengua Castellana / Biblioteca
Concepción Rodríguez Cotos	32646659E	Matemáticas
Xosé Luis Couce Martínez	32656087C	Xeografía e Historia
Dulce López Rivera	76407580Q	Lengua Castellana
Berta Blanco de la Piñera	32699304C	Pedagogía Terapéutica



M ^a Isabel Pardo Busto	76353945V	Inglés
Diego Calviño Fernández	32842612S	Educación Física
Eva M ^a López Pérez	32674192R	Matemáticas
Montserrat Rodríguez Polo	36127628X	Relixión
Benigno Sánchez Vales	46906733G	Orientación



10. CLUB DE CIENCIA

10.1 PERSOA COORDINADORA

María Montserrat Iglesias Rivera, especialidade Física e Química. DNI: 32666009Y

10.2. PROFESORADO PARTICIPANTE

PROFESORADO PARTICIPANTE	ESPECIALIDADE	DNI
María Isabel Hermida Rodríguez	Matemáticas	32641299K
Blanca López Moreno	Tecnoloxía	32670209C
María José Regueiro Vilar	Primaria	32645963Q
María Begoña Santiago Otero	Primaria	32669712Y

10.3. ALUMNADO PARTICIPANTE

ALUMNADO PARTICIPANTE	CURSO
Hugo Balado Mosquera	4º ESO
Irene Díaz Alindado	4º ESO
Irene Beatriz Díaz García	4º ESO
Sergio García Novo	4º ESO
David Parga Torrente	4º ESO
Candela Pérez Ramos	4º ESO
Rubén Rey Feal	4º ESO
Carlos Yáñez Pena	4º ESO
Miguel Díaz Couce	3º ESO
Lucía González Yáñez	3º ESO
Johana Micaela López Galeano	3º ESO
Abril Oliva Calvo	3º ESO
Pablo Pazos Paz	3º ESO
Mara Pérez Martínez	3º ESO
Alba Rocha López	3º ESO
Lucía Rodríguez Bustabad	3º ESO
Sergio Rodríguez Bustabad	3º ESO
Pablo Santalla Castelo	3º ESO
Víctor Seco Ameneiro	3º ESO
Xavier Rey Feal	6º E. Primaria
Inés Santalla Castelo	6º E. Primaria
Santiago Linares Marín	6º E. Primaria
Eva Sardiña Vázquez	6º E. Primaria
Ana Mazás Arnoso	6º E. Primaria
Martín Seoane Purriños	6º E. Primaria
Daniel Couce Julías	4º E. Primaria
Emma González Piñón	4º E. Primaria
Samuel Novo Pérez	4º E. Primaria
Michelle Pena Marcote	4º E. Primaria
Daniel Tembrás Rodríguez	4º E. Primaria



Participarán 13 alumnas e 17 alumnos.

10.4 BREVE INFORME SOBRE A EXPERIENCIA DO PROFESORADO E/OU DO CENTRO PARTICIPANTE EN PROXECTOS SEMELLANTES BASEADOS NUNHA METODOLOXÍA DE INDAGACIÓN

- Participación no 8º Salón da oferta de educación e formación de Galicia, Edugal 2019.
- Participación na 4ª edición de FP Innova Galicia 2019 co proxecto “Creación dun robot educativo. Hospital de robots”.
- Feria StemLab, curso 2017/ 2018. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Gañadores autonómicos do Concurso de robótica Lego “First Lego League”, nos cursos 2018/2019, 2016/2017 e 2014/2015. No 2016/2017 e no 2018/2019 gañadores tamén do premio ao “Proxecto científico” dentro da mesma competición autonómica.
- Gañadores dun premio na convocatoria nacional do Concurso de robótica Lego “First Lego League”, no curso 2018/2019.
- Gañadores do Concurso de curtametraxes “Vidas mariñeiras”, curso 2017/ 2018, organizado polo Golfo Ártabro Norte e a Consellería de Pesca da Xunta de Galicia. O proxecto elaborado “De corazón, mariñeiro” narra o traballo e a profesión do Director da Estación de Bioloxía Mariña da Graña.
- Participación no proxecto de ciencia cidadana AQUA da Fundación Ibercivis, no curso 2017/2018 medindo parámetros fisicoquímicos da auga.

10.5 BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO QUE SE VAI DESENVOLVER NO CURSO 2019/2020

A posta en funcionamento dun Club de Ciencia no noso centro xorde co fin de ofrecer aos alumnos e alumnas un lugar para a observación, a indagación, a investigación e a reflexión sobre aspectos científicos. Preténdese facer descubrir no alumnado a relación entre a Ciencia e a Tecnoloxía.

O traballo a realizar no club poderá estar dirixido a participar en concursos, feiras e/ou proxectos interdisciplinares. Ademais, temos a vantaxe de dispor de varias etapas educativas no mesmo centro, co que pretendemos potenciar a relación e convivencia entre elas, de maneira que o centro sexa un lugar común de reflexión, investigación e participación desde todas as etapas educativas.



O Club non se concibe como unha estrutura ríxida senón como un espazo de integración e aprendizaxe non formal e interactivo que busca o desenvolvemento pleno das habilidades dos estudantes, contando en todo momento coas súas propias ideas.

Obxectivos:

- Potenciar e impulsar no alumnado a paixón pola Ciencia, a Tecnoloxía, a Enxeñería e as Matemáticas apoiándonos nas vantaxes que hoxe en día nos ofrecen as Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Espertar o interese do alumnado polo coñecemento científico e tecnolóxico, a súa investigación, experimentación e relación coa vida diaria.
- Apoiar e propiciar o acceso por igual de nenos e nenas a estudos técnicos, facendo fincapé no traballo que durante moitos séculos fixeron as mulleres científicas ao longo da historia.
- Impulsar as vocacións STEAM entre as alumnas.
- Fomentar as actividades *STEAM* (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñería, Arte e Matemáticas), a través de iniciativas prácticas e dentro dunha filosofía *DIY* (do it yourself – faino ti mesmo) e/ou *DIWO* (do it with others – faino en colaboración con outros compañeiros).

i. Propostas de traballo

Actividade inicial: (1 sesión, cada sesión será de 2 horas)

Busca dun nome para o Club de Ciencia. Deseño e creación dun logo.

Creación dun blog. Redes sociais.

O noso club está constituído por alumnado de diferentes niveis, para asegurarnos de que todo o alumnado coñece o material de laboratorio as primeiras reunións estarán orientadas ao Uso do material de laboratorio e Normas de seguridade. Para estas primeiras sesións traballaremos en equipos colaborativos onde o alumnado da ESO realizará a función de experto dentro do grupo (2 sesións)

Actividades e proxectos:

Para deseñar as actividades partimos da metodoloxía ABP coa que os alumnos e alumnas participantes están acostumados a traballar. O alumnado organizarase en grupos de traballo cooperativos. Na metodoloxía baseada en proxectos, son os alumnos



e alumnos os que se convierten en protagonistas e, ao mesmo tempo, permítenos aos profesores facer unha selección e organización de contidos adaptados a eles, a anticipación das accións, o establecemento de tempos e espazos e o control do proceso e dos resultados. Todo este conxunto de accións están dirixidas a traballar na zona de desenvolvemento próximo (*Vygotski*), isto é, a distancia entre o nivel de desenvolvemento afectivo do alumno/a (o que é capaz de facer por si só) e o seu nivel de desenvolvemento potencial (o que sería capaz de facer coa axuda dun adulto ou dun compañeiro máis capaz).

1. Canto azucre tomas!!

Determinación de azucre en bebidas e refrescos. Estudio sobre a cantidade de azucre diaria necesaria e importancia dunha dieta saudable. (2 sesións)

2. Cultivos verticais:

Investigación sobre especies apropiadas para cultivos verticais. Parámetros fisicoquímicos e monitorización. Deseño e creación dunha horta vertical. (5 sesións)

3. Que facemos co aceite usado?

Nesta actividade dividiremos ao alumnado en 2 liñas de investigación:

a) Elaboración de biodiésel. Investigación sobre as distintas formas de obter biodiésel e aplicacións. Obtención de biodiésel e determinación de propiedades fisicoquímicas sinxelas.

b) Fabricación de xabón. Reacción de saponificación. (2 sesións)

4. Rodeados de micromascotas

Investigación sobre os microrganismos que viven na nosa pel e ao noso redor. Uso de placas de contacto para o cultivo e control de microrganismos. (2 sesións)

5. Bioplásticos, serán a solución?

Estudio sobre a elaboración dun bioplástico e xestión deste tipo de residuos. (2 sesións)

En todo momento teranse en conta as inquietudes dos membros do club, polo que estas actividades poden modificarse ou cambiarse ao longo do curso. Ademais analizaranse todas aquelas propostas que poidan xurdir (dende a biblioteca escolar, concursos de ciencia, ferias...)



O traballo, resultados e conclusións serán publicados no blog, redes sociais e revista escolar.

No noso centro ten lugar anualmente unha *Xincana STEAM*. Actividade de exposición de todos os traballos, actividades e proxectos feitos polo alumnado para o disfrute de toda a comunidade educativa a través de pequenos retos e actividades lúdicas. O club participará activamente na preparación da Xincana e presentará o seu traballo.

ii. Previsión de horarios e lugares de desenvolvemento do club.

Sobremesa activa con obradoiros de investigación.

O CPI A Xunqueira dispón de comedor escolar, polo que o noso alumnado dispón dun tempo de lecer os martes, entre as 13:45 e as 16:20 que empezan as clases pola tarde. É nese espazo de tempo onde propoñemos a realización de obradoiros de investigación nun contexto de Club de Ciencia.

As reunións do club serían dous martes ao mes de 14:15 a 16:15.

A biblioteca, a aula de informática, o laboratorio do centro e o taller de Tecnoloxía serían os espazos dispoñibles para o desenvolvemento de todas as actividades. O alumnado estará acompañado en todo momento dun profesor ou profesora do club.



11. PROXECTO CLUB DE LETRAS 201920

11.1. INTRODUCCIÓN.

Na nosa labor diaria, un dos nosos obxectivos é capacitar ao alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente co que chegar a unha mellor comprensión do mundo no que vivimos dende enfoques plurais procedentes de distintos ámbitos. Os profesionais do futuro necesitan ferramentas que beben tanto das letras como das ciencias, por exemplo a cartografía dixital ou as artes dixitais.

Outro dos obxectivos que buscamos no día a día é o de potenciar o emprendemento, o pensamento crítico e creativo na área das Humanidades, as Artes e as Ciencias Sociais. A creación do “Club de Letras” redundará no beneficio do que opta por este eido do coñecemento ao favorecer a súa inclusión e posterior progresión no mercado laboral.

Estes obxectivos necesitan unha metodoloxía baseada no descubrimento, a indagación, o debate, a lectura reflexiva, a análise crítica, a creación e a aprendizaxe colaborativa, na que o alumnado adquire coñecemento mediante un método activo.

No noso centro xa se están a desenvolver proxectos de innovación educativa no eido das ciencias: participación na First Lego League o curso pasado, participación nun proxecto Erasmus + , ...

Así mesmo formamos parte do grupo de centros Plambe, pensando a biblioteca como centro dinamizador de actividades e lugar dende onde se poden corrixir as desigualdades e a diferenza de oportunidades.

11.2. PROXECTO

No noso centro imos desenvolver varias liñas de traballo dentro do club de letras:

Representación da obra de teatro *Somos uns monstros*: o alumnado de 5º de Primaria coa súa profesora Fátima Sánchez Martínez, traballarán a obra de Paula Carballeira *Somos uns monstros* e representaran a aos seus compañeiros.

Mulleres de Ferrolterra: un grupo de alumnado de ESO elaborará un dossier sobre mulleres destacadas ao longo da historia na nosa comarca en diferentes ámbitos (literatura, arte, ...).

Con esta información o alumnado de 6º de Primaria realizará unhas vídeos documentais sobre estas mulleres que se subirán á nosa canle de youtube.



Moda feminina: o alumnado de ESO buscará información sobre a evolución da maneira de vestir das mulleres, elaborando uns deseños á maneira das “mariquitas” que se expoñerán na biblioteca a final de curso.

Liña do tempo na que se incluírán os deseños de moda de cada época e as súas protagonistas en Ferrolterra.

11.3. PREVISIÓN DE HORARIOS E LUGARES DE DESENVOLVEMENTO DO CLUB

As actividades propostas no punto anterior desenvolverémolas nunha hora á semana dentro do noso horario lectivo, combinando as diferentes materias que participan nos proxectos a desenvolver. Se o vemos necesario poderíamos facer reunións fora do horario lectivo para rematar as tarefas.

Os lugares serán a aula de clase, en moitos casos dotadas de ordenadores, a Biblioteca escolar, a sala de informática ou mesmo a *aula Maker*.

11.4. PROFESORADO PARTICIPANTE

NOME	CURSO/NIVEL
Fátima Sánchez Martínez	5º EP
Begoña Santiago Otero	6º EP
Mª Carmen González Díaz	ESO
Lucía Sesto Porto	ESO
Lucía Prieto Seijas (Coord.)	ESO
Dulce Mª López Rivera	ESO
Mª Luisa Dopico Rey	ESO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Avda. do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaunqueira@educunfaes
www.eduxunfagal/centros/cpiaunqueira

CPI A XUNQUEIRA

Esta Programación Xeral anual foi aprobada polo Consello Escolar do CPI A Xunqueira o día 17 de outubro de 2019.

En Fene, 18 de outubro de 2019

A directora,

Asdo: M^a Isabel Hermida Rodríguez